

CIRCULAR DA VICERREITORÍA DE PROFESORADO E PLANIFICAICÓN DOCENTE SOBRE A MODIFICACION DO PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES

A Circular informativa do vicerreitor de profesorado e planificación docente sobre o réxime de aplicación das vacacións e dos permisos por asuntos propios do persoal docente e investigador do 21 de xuño de 2013, establece no punto dous que o permiso por asuntos particulares, segundo o establecido no art. 48 k) do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) será de tres días.


No BOE núm. 305 do sábado 21 de decembro de 2013 publicouse a Lei Orgánica 9/2013, do 2 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, cuxa Disposición adicional cuarta modifica o apartado k do citado artigo 48 do EBEP para establecer catro días ao ano por permiso por asuntos particulares.

Por todo isto, esta vicerreitoría informa sobre as adaptacións precisas na Normativa sobre permisos licenzas do Persoal Docente e Investigador, no seguinte sentido:

O Permiso por asuntos particulares (artigo 48 k) do EBEP) será de catro días, ou a parte proporcional ao tempo de servizos prestados, e poderá acumularse ás vacacións retribuídas anuais. Estes días poderán gozarse ata o 15 de xaneiro do ano seguinte"

Como queira que este día adicional de permiso xa é aplicable con cargo a 2013, acordase posibilitar o seu goce ata o día 28 de febreiro de 2014.

A Coruña, 27 de decembro de 2013
O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente



Gustavo Rego Veiga